

ESCALA IEXPAC

Instrumento de avaliación da experiencia do paciente crónico



IEXPAC ©2015



INSTRUCCIÓN

Para contestar, lea por favor cada pregunta na orde en que aparecen e elixa a opción de resposta que mellor reflicta a súa opinión. Non hai respostas correctas ou incorrectas, o que importa é a súa experiencia persoal. Todas as preguntas fan referencia aos últimos 6 meses.

Nas preguntas sempre se fai referencia ao conxunto dos profesionais que o atenden: para contestar pense no seu médico de familia, na súa enfermeira, no médico ou enfermeira que o atenden no seu hospital ou o/a traballador/a social do centro de saúde, do concello ou dos servizos sociais. Tamén noutros profesionais sempre que o atendan habitualmente como, por exemplo, o/a farmacéutico/a do seu centro de saúde ou hospital, enfermería xestora de casos, psicólogo/a, fisioterapeuta ou outros.

Marque cunha X a opción de resposta que mellor reflicta a súa valoración persoal e, por favor, non deixe ningunha pregunta sen responder.

Moitas grazas pola súa colaboración!

PREGUNTAS

Por favor, a partir da súa experiencia como paciente crónico, responda as seguintes cuestións para mostrar a frecuencia coa que lle ocorren este tipo de situacións:

1. Respectan o meu estilo de vida

Os profesionais que me atenden escóitanme, pregúntanme sobre as miñas necesidades, costumes e preferencias para adaptar o meu plan de cuidados e tratamento.

Nunca Case nunca Ás veces Case sempre Sempre

2. Están coordinados para ofrecerme unha boa atención.

Os servizos sanitarios do centro de saúde e do hospital e os servizos sociais coordínanse para mellorar o meu benestar e calidade de vida na miña contorna

3. Axúdanme a informarme por internet.

Os profesionais que me atenden infórmanme sobre páxinas web e foros de internet dos que me podo fiar para coñecer mellor a miña enfermidade, o seu tratamento e as consecuencias que poden ter na miña vida.

4. Agora sei coidarme mellor

Sinto que mellorou a miña confianza na miña capacidade para coidar de min mesmo/mesma, manexar os meus problemas de saúde e manter a miña autonomía.

5. Pregúntanme e axúdanme a seguir o meu plan de tratamento.

Reviso cos profesionais que me atenden o cumprimento do meu plan de cuidados e tratamento.

6. Fixamos obxectivos para levar unha vida sa e controlar mellor a miña enfermidade.

Puiden acordar cos profesionais que me atenden obxectivos concretos sobre alimentación, exercicio físico e tomar adecuadamente a medicación para controlar mellor a miña enfermidade.

7. Uso internet e o móbil para consultar a miña historia clínica.

Podo consultar a miña historia clínica, os resultados das miñas probas, as citas programadas e acceder a outros servizos a través de internet ou da aplicación para móbiles do meu Servizo de Saúde.

8. Asegúranse de que tomo a medicación correctamente.

Os profesionais que me atenden revisan comigo todos os medicamentos que tomo, como os tomo e como me sentan.

9. Preocúpense polo meu benestar.

Os profesionais que me atenden preocúpense pola miña calidade de vida e véxoos comprometidos co meu benestar.

10. Infórmanme de recursos sanitarios e sociais que me poden axudar.

Os profesionais que me atenden infórmanme sobre os recursos sanitarios e sociais dos que dispoño (no meu barrio, cidade ou aldea) e que podo utilizar para mellorar os meus problemas de saúde e para coidarme mellor.

11. Anímanme a falar con outros pacientes.

Os profesionais que me atenden anímanme a participar en grupos de pacientes para compartir información e experiencias sobre como coidarnos e mellorar a nosa saúde.

Se vostede estivo ingresado/a no hospital nos últimos 3 anos, por favor responda a seguinte pregunta:

Preocúpense por min ao chegar á casa despois de estar no hospital.

No caso de ingresar no hospital, despois de recibir a alta, chamáronme ou visitáronme na casa para ver como me atopaba e que cuidados necesitaba.

Sexo: Idade: Número de medicamentos que está a tomar:

Máis información en: www.iexpac.org e en www.iemac.org/iexpac